XUNTA XERAL ORDINARIA 1ª/2026

Acta da sesión que tivo lugar o día trinta de marzo de dous mil vinte e seis.

No salón de actos do Ilustre Colexio da Avogacía de Santiago de Compostela, ás 12.30 h, reúnese a Xunta Xeral do Ilustre Colexio da Avogacía de Santiago de Compostela, baixo a presidencia do seu decano, D. Francisco José Rabuñal Mosquera, e na que participan os seus membros, Dª Mª del Carmen González Ferro, D. José Antonio Montero Vilar, Dª Patricia Arnoso López, Margarita Ruiz Núñez, Dª María Jesús Vieito Mayo, D. Jorge Eladio Romero Rivera e Dª Mª del Pilar Fonseca Cao, así como o secretario técnico e colexiado, D. Manuel Arza Galán, e 17 colexiados/as exercentes.

ORDE DO DÍA

1. **Lectura e aprobación, se procede, da acta da última xunta xeral.**
2. **Recensión do decano sobre os acontecementos máis significativos que tiveron lugar o ano anterior en relación co colexio.**
3. **Exame e votación da conta xeral de gastos e ingresos do exercicio anterior.**
4. **Aprobación, se procede, do novo Regulamento da quenda de oficio do ICA Santiago.**
5. **Proposicións.**
6. **Peticións e preguntas.**

1. LECTURA E APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA ANTERIOR

A vicedecana, Dª Mª del Carmen González Ferro, actuando como secretaria por ausencia do secretario Sr. Martín García, procede á lectura da acta da última sesión da Xunta Xeral.

BORRADOR

A seguir, sométese á votación a acta da sesión anterior, que é aprobada por unanimidade de todos os membros presentes.

---

2. RECENSIÓN DO DECANO SOBRE OS ACONTECEMENTOS MÁIS SIGNIFICATIVOS QUE TIVERON LUGAR O ANO ANTERIOR EN RELACIÓN CO COLEXIO.

O decano do Colexio da Avogacía de Santiago de Compostela dá conta das seguintes accións e acontecementos máis significativos que tiveron lugar o ano anterior en relación coa **xestión colexial**:

— Durante o ano 2025 tramitáronse un total de **4.483** expedientes de xustiza gratuíta.

— As certificacións emitidas na quenda de oficio sumaron un importe de **1.225.970** euros, repartido entre todos os colexiados/as que forman parte da quenda (o que supón un incremento dun 18 % en relación co ano anterior).

— Tamén se xustificou un gasto aproximado de **23.600** euros para outros convenios (vía previa concello, delitos sexuais, compensación avogados designación por requirimento xudicial, violencia de xénero, IGVS), repartido entre os letrados/as que prestan eses servizos.

— Tramitáronse **25** altas de novos colexiados/as.

— Rematou o ano cun total de **825** colexiados exercentes e de **485** non exercentes.

— Emitíronse **530** informes de honorarios para taxacións de custas (fronte aos 272 do ano anterior, o que supón un incremento do 100 %). Nos tres primeiros meses de 2026 xa se emitiron 408.

— Tramitáronse **45** expedientes de dilixencias de información previa por denuncias sobre actuacións profesionais (fronte aos 25 do ano anterior, o que supón un incremento do 90 %).

— Tramitáronse **5** expedientes disciplinarios.

O decano do Colexio da Avogacía de Santiago de Compostela dá conta dos principais **acordos** tomados durante o ano 2025:

— Creación do Servizo MASC-ICAS e aprobación das Normas reguladoras do Rexistro de persoas mediadores e conciliadoras e do Regulamento do servizo (08.04.2025)

BORRADOR

— Renovación dos equipos informáticos das sedes do colexio nos partidos xudiciais (08.04.2025)

— Tramitación ante o concello dunha praza reservada de aparcadoiro na rúa Eduardo Pondal (08.04.2025)

— Renovación da póliza do seguro de responsabilidade civil con Allianz, do 01.07.2025 ao 30.06.2026, cunha subvención do Colexio de 100.000 euros (27.05.2025)

— Contratación co CGAE de 223 contas de correo electrónico corporativo @icasantiago.org (27.05.2025)

— Bolsas de axuda para asistir ás XIII Xornadas de Avogados e Avogadas de Violencia de Xénero, que se levaron a cabo en Lugo do 22 ao 24 de setembro (09.09.2025)

— Creación dunha lista de difusión de Whatsapp (30.09.2025)

— Aprobación do Protocolo sobre designación de profesionais de oficio no ámbito territorial da Sección de Violencia sobre a Muller do Tribunal de Instancia de Santiago de Compostela (26.11.2025)

— Concesión de diversos acordos de amparo antes as solicitudes formuladas por colexiados/as.

O decano do Colexio da Avogacía de Santiago de Compostela pasa a dar conta **doutras actuacións** desenvolvidas durante o ano 2025:

— Publicación da *Memoria anual 2024*

— Publicación da *Guía colexial 2025*

— Publicación do número 25/2025 da revista *Avogacía Compostelá*

— Asemblea territorial previa da Mutualidad (22 de maio)

— Concesión de bolsas de estudos ao alumnado da Escola de Práctica Xurídica

O decano do Colexio da Avogacía de Santiago de Compostela dá conta das seguintes actividades de **formación** desenvolvidas durante o ano 2025:

— Conferencia sobre a LO 1/2025 de medidas de eficiencia do servizo público de xustiza (CAG, 23 de xaneiro)

— Xornada práctica sobre o programa de xestión da quenda de oficio Colaboweb (25 de febreiro)

— Xornadas sobre a LO 1/2025 (20 e 27 de marzo)

BORRADOR

— Foro FSL "Novidades e desafíos na extinción do contrato de traballo" (11 de abril)
— Curso de linguaxe xurídica galega (maio a xullo)
— Xornada "Análise da proposición de lei para a reforma das mutualidades e a pasarela ao RETA: aplicación práctica" (12 de xuño)
— Xornadas de actualización de coñecementos en materia de estranxeiría tras a entrada en vigor do RD 1155/2024 (19 e 25 de xuño)
— Xornadas LAX Galicia 2025 (CAG e outros, 21 e 22 de outubro)
— Xornadas sobre violencia de xénero e violencia sexual (13, 18 e 20 de novembro)
— Xornada "Recurso de casación, dúbidas e certezas" (21 de novembro)
— IV Xornadas Tributarias do Atlántico (AEDAF, 27 de novembro)
— Seminario "Repaso gramatical e ortográfico da lingua galega" (25 e 27 de novembro, e 2 e 9 de decembro)
— Curso práctico de Verifactu sistemas informáticos de facturación (4 de decembro)
— Xornadas sobre contratación pública (28 de novembro, 10 de decembro e 9 de xaneiro)
— XVII Xornada Xustiza e Lingua (12 de decembro)

O decano do Colexio da Avogacía de Santiago de Compostela dá conta das seguintes intervencións en relación co funcionamento da **biblioteca**:

— Acordo de promoción coa editorial Aranzadi La Ley da obra *Guía para la aplicación práctica de la LO 1/2025 de medidas de eficiencia procesal*
— Acordo de promoción coa editorial Colex da obra *Los nuevos medios adecuados de solución de controversias (MASC). Paso a paso*
— Acordo de promoción coa editorial Tirant lo Blanch de textos legais actualizados á Lei 1/2025: Código civil, Lei de axuizamento civil e Lei de axuizamento criminal
— Seguen dispoñibles na páxina web as seguintes bases de datos xurídicas: Global Economist & Jurist, Tirant lo Blanch, Biblioteca Online de Sepín e vLex Premium.

O decano do Colexio de Avogados de Santiago de Compostela dá conta dos **convenios** de colaboración subscritos polo Colexio:

BORRADOR

— Convenio entre o IGVS e o Consello da Avogacía Galega para o asesoramento xurídico en materia de ocupación ilegal de vivendas

— Convenio co Concello de Santiago de Compostela para a xestión tributaria en nome de terceiros

— Convenio co Concello de Santiago de Compostela para asesoramento na vía previa administrativa e laboral e para a mediación en conflitos veciñais e en desafiuzamentos

— Renovación do convenio coa Secretaría Xeral da Lingua en materia de normalización lingüística

— Convenio co CGAE para a execución do programa de formación en competencias dixitais (21.10.2025)

— Convenio coa USC e a EPX para a realización de prácticas externas do alumnado do Grao en Dereito (21.10.2025)

— Convenio para a atención profesional a vítimas de violencia sexual

— Convenio para accións de formación especializada a profesionais da avogacía sobre atención a mulleres e menores vítimas de violencia de xénero

— Convenio para compensar economicamente os letrados/as da quenda penal no caso de denegación de AXG a persoas físicas e xurídicas por determinadas causas

— Convenios con editoriais xurídicas (La Ley, Sepin e Tirant lo Blanch) para coeditar manuais coas principais novidades lexislativas a prezos reducidos

— Convenio con Atriga para a realización declaracións e liquidacións de impostos en nome de terceiros

— Convenio coa AEAT para a realización para a realización declaracións e liquidacións de impostos en nome de terceiros

— Convenio con UTD Concursal, SLP, para a emisión de informes periciais en relación co cártesl de vehículos

— Convenio con ASNALA en materia de formación (06.05.2025)

— Convenio con Unayta Oficinas sen Papeles, en materia de transformación dixital (24.09.2025)

— Convenio de colaboración con Abanca

— Convenio de colaboración con Caixabank

— Convenio con Iberdrola

— Convenios con Asisa e Adeslas

— Convenio con Unión de Artesanos para contratar unha póliza de saúde

BORRADOR

— Convenio con Clínica Dental Dublín
— Convenio con Pías Clínica Dental
— Convenio con Los Ángeles Gas para descontos en carburantes
— Convenio co aparcadoiro de Área Central

O colexiado D. Miguel Sánchez Campos quere facer constar a súa desconformidade co feito de que se carguen nas contas dos avogados o importe dos informes que elabora o colexio cando se impugnan os honorarios dos avogados por excesivos. Propón que non se carguen directamente ao avogado, senón que se xiren ao cliente.

O decano contesta que o procedemento ao que fai referencia está regulado no Estatuto do ICA Santiago.

---

3. EXAME E VOTACIÓN DAS CONTAS XERAIS DE GASTOS E INGRESOS DO EXERCICIO ANTERIOR

O decano, o tesoureiro e o secretario técnico do Colexio expoñen as contas do exercicio 2025, que presenta o seguinte balance de gastos e ingresos:

Cuenta de Pérdidas y Ganancias

Empresa: ILUSTE COLEXIO DA AVOGACIA DE SANTIAGO
Período: de Enero a Diciembre
Fecha: 05/03/2026

Cuenta de Pérdidas y Ganancias	*2025*
A) EXCEDENTE DEL EJERCICIO	
1. Ing.de la actividad propia	**771.129,40**
b) Aportaciones de usuarios	661.180,94
7210001 CUOTAS COLEGIALES	511.317,84
7210002 CUOTAS DE ENTRADA	6.300,00
7210006 SEGURO RESP. CIVIL - INGRESOS	143.563,10
c) Ingr de promociones,patrocinad y colabor	200,00
7230002 INGRESOS PATROCIN.- GUIA	200,00

BORRADOR

d) Subv.donac y legados imput.exc ejerc		109.748,46
7400001	SUBVEN. OF. EXPLOT.-TURNO OFIC	85.362,06
7400003	SUBVENCION OF. EXPLOTACION-GALLEGO	19.000,00
7410000	OTRAS SUBVENCIONES A LA EXPLOT	5.386,40
2. Vtas y otros ingresos de la act mercantil		**14.400,80**
7050002	CERTIFICACIONES	86,15
7050007	OTROS INGRESOS-INFORMES COSTAS	5.842,78
7050009	INGRESOS VARIOS	2.682,19
7050010	INGRESOS CARNET COLEGIAL	900,00
7050018	INGRESOS VENTA LIBROS	4.455,43
7050019	LECTORES ACA	29,76
7050023	INGRESOS MEDIAC. Y CONCILIAC	404,49
3. Gastos por ayudas y otros		**-5.144,85**
a) Ayudas monetarias		-2.450,00
6500000	AYUDAS MONET.BOLSAS EPJ	-1.200,00
6500006	AYUDAS MONETARIAS SUBVENCIONES	-1.000,00
6500007	AYUDAS MONET.- BOLSAS CONGRESO	-250,00
c) Gastos por colabor.y del órgano de gob.		-2.694,85
6540000	REEMBOLSO DE GASTOS AL ORGANO	-534,00
6540005	GASTOS TARXETA COLEXIO	-2.160,85
6. Aprovisionamientos		**-46.357,68**
6010001	ACTOS CORPORATIVOS .- SAN RAIM	-22.303,39
6010003	ACTOS CORPORATIVOS.- JUNTAS O	-1.247,48
6010005	CONTENCIOSO	-109,12
6010012	GASTOS PARTIDOS JUDICIALES	-160,00
6020000	GASTOS VARIOS	-2.826,34
6028001	COMPRA DE MATERIAL DE OFICINA	-1.167,05
6028002	COMPRA MATERIAL OF.- PAPEL	-1.037,50
6028004	COMPRA MATERIAL OF - VARIOS	-1.269,74
6028006	COMPRA MATERIAL OF.- LIBROS	-5.983,26
6028011	ARSYS - MANTENIMIENTO	-1.853,80
6028012	COLABO.- MANTENIMIENTO	-8.400,00
7. Otros ingresos de la actividad		**14.078,85**
7540000	INGRESOS POR COMIS.- CAFETERA	1.035,85
7540001	INGRESOS COMISIONES.- MUTUALID	4.000,00
7550000	INGRESOS SAN RAIMUNDO	8.027,00
7780000	INGRESOS EXTRAORDINARIOS	15,00
7780001	INGR EXTRAORD.- EXPED.DISC.-MULTA	1.001,00

BORRADOR

8. Gastos de personal		**-310.847,73**
6400000	SUELDOS Y SALARIOS	-241.606,90
6410000	INDEMNIZACIONES	-7.353,56
6420000	SEGURIDAD SOCIAL EMPRESA	-61.887,27
9. Otros gastos de la actividad		**-470.312,91**
6200000	CENSO CONSEJO GENERAL ABOGACI	-53.062,78
6200001	CENSO CONSELLO AVOGACIA GALEGA	-23.874,52
6210001	MANTENIMIENTO FOTOCOPIADORAS	-1.744,29
6210002	HOSTING PAGINA WEB ICASANTIAGO	-16,00
6210006	RENTING SEDE COLEGIO	-2.525,28
6220000	REPARACIONES Y CONSERVACIÓN	-532,75
6220002	LIMPIEZA	-13.716,44
6220003	MANTENIMIENTO SIST. SEGURIDAD	-544,12
6220009	GESTION CORREO ELECTRONICO	-3.568,00
6230000	SERV.PROF.INDEP.-GESTORÍA	-5.952,00
6230006	SERV.PROF.IND.- VIA PREVIA CONCELLO	-248,04
6230007	COMISION DISCIPLINARIA	-200,00
6230011	SERV. PROFES. INDEPEND.- IGVS	-4.558,45
6230012	SERV. PROF. IND.- PROTECC DATO	-340,00
6230017	SERV. PROF. IND.- CONV. DENEGACIONES JG-24	-16.616,58
6230018	SERVICIOIS PROFES..AUDITORIA	-3.078,41
6250000	PRIMAS DE SEGUROS .- LOCAL	-1.981,68
6250001	PRIMAS DE SEGUROS.- S.R.C	-233.057,81
6250004	SEGURO ACCIDENTES	-3.405,36
6250005	PRIMA DE SEGUROS.- DECESOS-ACCD. T.O.	-6.551,68
6260001	SERV.BANCARIOS.-POPULAR 298145	-49,63
6260002	SERV.BANCARIOS.-POPULAR 312157	-11,50
6260003	SERV. BANCARIOS.- LA CAIXA EPJ	-120,00
6260004	SERV. BANCARIOS.- LA CAIXA COL	-845,12
6281000	ELECTRICIDAD	-5.117,40
6282000	AGUA	-256,85
6283001	TELEFONO FIJO	-4.350,64
6290000	OTROS SERVICIOS	-1.687,64
6290001	PAGINA WEB	-360,00
6290002	GASTOS DE CIRCULARES.- CORREOS	-322,16
6290006	TELEGRAMAS Y MENSAJERIA, BUROFAX	-1.639,53
6290007	GUIA PROFESIONAL	-970,00
6290008	CARNETS COLEGIALES	-1.291,08

BORRADOR

6290014	GABINETE DE PRENSA - DALUPA	-6.000,00
6291009	CURSO VIOLENCIA DE GENERO Y DELITOS SEX.	-3.995,87
6291018	CURSOS Y CONFERENCIAS	-7.293,55
6292010	CONGRESOS	-4.703,27
6292017	CONGRESO VIOLENCIA DE GENERO.-	-989,12
6293000	SUSCRIPCIONES VLEX	-8.764,13
6293006	BASE DE DATOS SEPIN BIBLIOTECA	-7.506,20
6293007	BASE DATOS TIRANT ONLINE -WEB	-12.200,00
6310000	OTROS TRIBUTOS	-1.791,01
6341000	AJUSTES NEGATIVOS EN IVA DE AC	-24.588,17
6550000	PERDIDAS DE CREDITOS INCOBRABL	-637,28
6780000	GASTOS EXTRAORDINARIOS	-420,00
6780001	DONACIONES	-90,00
7940000	REVISION DEL DETERIORO DE CRED	1.261,43
10. Amortización del inmovilizado		**-10.080,11**
6800000	DOT. AMORT. INM. INMATERIAL	-450,85
6810000	AMORTIZACION FOTOCOPIADORA FON	-9.629,26
A.1) EXCED DE ACT (1+2+3+4+5+6+7+8+9+10+11+12+13)		-43.134,23
14. Ingresos financieros		**21,00**
7690001	INGRESOS POR COMISIONES DEVOLU	21,00
A.2) EXCED OP FINANCIERAS (14+15+16+17+18)		21,00
A.3) EXCEDENTE ANTES DE IMPUESTOS (A.1+A.2)		-43.113,23
18. Impuestos sobre beneficios		**-1.012,99**
6300000	IMPUESTO SOBRE SOCIEDADES	-1.012,99
A.4) VAR.PATR NETO RECONOC EN EL EXCED EJ(A.3+18)		**-44.126,22**

A continuación, o decano abre unha quenda de preguntas e aclaracións.

A colexiada Dª Ana Belén Sabel Iglesias pregunta sobre as cantidades que se aboaron polo despedimento do traballador D. David López López.

O decano contesta que se chegou a un acordo co traballador e que se lle pagou a cantidade que lle correspondía polas vacacións non desfrutadas e, por outro lado, a indemnización de despedimento por causas obxectivas.

A colexiada Dª Ana Cristina Camiño Villaverde pregunta sobre os gastos de infraestrutura da quenda de oficio e se se realizou algún cálculo comparativo da dedicación e gasto por cada traballador.

BORRADOR

O decano fai uso da palabra para responderlle que ese estudo sería moi difícil de realizar xa que os traballadores realizan distintas funcións durante a súa xornada laboral, o que dificulta cuantificar o tempo dedicado a cada unha das tarefas encomendadas.

A colexiada Dª Ana Cristina Camiño Villaverde pregunta sobre as medidas que se van adoptar en relación co baremo da quenda de oficio.

O decano informa de que para o próximo 7 de abril está prevista unha reunión do Consello da Avogacía Galega para consensuar as medidas de presión que se poden adoptar entre todos os colexios da avogacía de Galicia.

A colexiada Dª Mª Carmen Fandiño García pregunta polos pagamentos a relatores e os gastos da Xunta de Goberno.

O decano dálle a palabra ao secretario técnico, quen detalla os gastos por relatores e outros gastos de todas as cursos, xornadas e conferencias desenvolvidas no ano 2025.

Tras as intervencións, sométense á votación as contas de gastos e ingresos do exercicio 2025, cos seguintes resultados:

— Votos a favor: 20 de colexiados/as exercentes

— Votos en contra: 4 de colexiados/as exercentes

Tras a votación e os resultados obtidos, as contas do exercicio 2025 son aprobadas por maioría.

---

4. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO NOVO REGULAMENTO DA QUENDA DE OFICIO DO ICA SANTIAGO

O decano dá conta do texto do novo Regulamento da quenda de oficio, que foi remitido a todos os colexiados e colexiadas para que presentasen as súas achegas.

Con carácter previo á súa votación, ábrese unha quenda de preguntas.
A colexiada Dª Ana Cristina Camiño Villaverde pregunta por que non se incluíron os dereitos dos avogados neste regulamento.

BORRADOR

O decano contesta que puido ter presentado esa alegación no trámite de exposición pública do texto e que, ademais, os dereitos dos avogados e avogadas da quenda de oficio están recollidos na Lei orgánica de dereito de defensa, no Estatuto xeral da avogacía española e no Estatuto do ICA Santiago.

A colexiada Dª Ana Belén Sabel Iglesias pregunta por que non se recolleron todas as alegacións propostas por ela no trámite de exposición pública.

O decano contesta que se recolleron aquelas que a Comisión da Quenda de Oficio e a Xunta de Goberno consideraron oportunas.

A colexiada Dª Ana Belén Sabel Iglesias por que non se inclúe unha retribución por dispoñibilidade das gardas.

O decano contesta que esa petición non entra nas competencias do Regulamento da quenda de oficio xa que lle correspondería á Xunta de Galicia aprobalo no correspondente baremo.

A colexiada Dª Ana Belén Sabel Iglesias propón que se elabore un protocolo para casos de acoso aos letrados e letradas da quenda de oficio.

O decano contesta que xa está previsto nos artigos 28 e 29 do novo regulamento, pero que non obstante poderase estudar o desenvolvemento dun protocolo máis extenso.

Unha vez finalizadas as preguntas, o texto do novo Regulamento da quenda de oficio sométese a votación, cos seguintes resultados:

— Votos a favor: 18 de colexiados/as exercentes
— Votos en contra: 4 de colexiados/as exercentes

Tras a votación e os resultados obtidos, o novo Regulamento da quenda de oficio é aprobado por maioría. O Regulamento entrará en vigor o día seguinte.

5. PROPOSICIÓNS

Non se formulan.

BORRADOR

6. PETICIÓNS E PREGUNTAS

A colexiada Dª Ana Belén Sabel Iglesias pregunta se existe algún problema cos certificados ACA xa que non funciona ao operar a través da carpeta do cidadán do Concello de Santiago de Compostela.

O decano contesta que non se ten constancia de tal problema e que non se recibiu ningunha outra queixa a ese respecto. Non obstante, o servizo informático deste colexio realizará as comprobacións oportunas.

A colexiada Sra. Sabel Iglesias propón que se solicite unha praza de aparcadoiro reservada nas inmediacións dos xulgados das Fontiñas para aparcar e realizar xestións rápidas.

O decano informa de que xa se solicitaron máis prazas de aparcadoiro, pero o concello contestou que esa é unha zona moi saturada e que non existen espazos dispoñibles para habilitar novas prazas de aparcamento.

A Sra. Sabel Iglesias pregunta polo pagamento dos MASC na quenda de oficio.

O decano responde e informa de que esta cuestión tamén se vai tratar na próxima reunión do Consello da Avogacía Galega do 7 de abril.

En relación coa anterior cuestión, a colexiada Dª Ana Cristina Camiño Villaverde propón que se fagan informes de insostibilidade ou desistencia cando os clientes non acheguen a documentación necesaria para interpoñer a demanda.

A colexiada Sra. Sabel Iglesias pregunta pola situación de D. Ramón Quintela Miramontes na Comisión de AXG da Xunta de Galicia.

O decano contesta que o Sr. Quintela Miramontes segue a representar ao ICA Santiago na dita comisión ao ser designado pola Xunta de Goberno.

BORRADOR

E, ao non haber máis asuntos que tratar, remata a sesión en Santiago de Compostela, o día 30 de marzo de 2026, ás 13.35 h. Como secretario, dou fe.

O decano O secretario

BORRADOR